

|                      |                                           |
|----------------------|-------------------------------------------|
| <b>EXPEDIENTE:</b>   | <b>2025/00038415R</b>                     |
| <b>PROCEDIMENTO:</b> | <b>Aprobacións plans e programas (DS)</b> |

A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o 9 de decembro de 2025 adoptou o seguinte acordo:

Corrección de erro material no acordo da Xunta de Goberno Local de data 1/09/2025 referente á “Aprobación do procedemento de alta, prazos de solicitude de praza e gratuidade do Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes para curso 2025-2026.”

A proposta é do seguinte teor literal:

Proposta de corrección de erro do acordo da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 1 de setembro de 2025 de “Aprobación do procedemento de alta, prazos de solicitude de praza e gratuidade do Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes para curso 2025-2026.”

#### **ANTECEDENTES**

Iníciase a tramitación do expediente arriba indicado para a corrección do erro detectado no acordo de Xunta de Goberno Local do 1 de setembro de 2025 relativo á “Aprobación do procedemento de alta, prazos de solicitude de praza e gratuidade do Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes para curso 2025-2026.”

Dito erro afecta ao apartado “Consideracións. 3.2. Períodos non lectivos”, no que se considerou como día de prestación do servizo durante os vacaludos de entroido o día 17/02/2025 que coincide cun dos dous festivos locais fixados polo Concello para o ano 2026, polo que ese día o Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes non prestará este servizo.

#### **CONSIDERACIÓNS**

Conforme ao artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Visto os antecedentes, é a vista do erro detectado no acordo de Xunta de Goberno Local do 1 de setembro de 2025 é preciso proceder a súa corrección de oficio.

#### **PROPOSTA**

Á vista de canto antecede, propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte o seguinte acordo:

Aprobar a corrección de erro detectado no acordo da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 1 de setembro de 2025 de “Aprobación do procedemento de alta, prazos de solicitude de praza e gratuidade do Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes para curso 2025-2026”.

A corrección afecta ao apartado “Consideracións. 3.2. Períodos non lectivos, concretamente onde di:

**“Vacaludos Entroido:**

- Modalidade: quenda única os días 16, 17 e 18 de febreiro de 2026.”

Debe dicir:

**“ Vacaludos Entroido:**

- Modalidade: quenda única os días 16 e 18 de febreiro de 2026.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a corrección de erro detectado no acordo da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 1 de setembro de 2025 de “Aprobación do procedemento de alta, prazos de solicitude de praza e gratuidade do Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes para curso 2025-2026”.

A corrección afecta ao apartado “Consideracións. 3.2. Períodos non lectivos, concretamente onde di:

**“Vacaludos Entroido:**

- Modalidade: quenda única os días 16, 17 e 18 de febreiro de 2026.”

Debe dicir:

**“ Vacaludos Entroido:**

- Modalidade: quenda única os días 16 e 18 de febreiro de 2026.